



## Obradoiro "Avaliación pericial psicolóxica en casos de familia: orientacións para a ratificación do informe psicolóxico e a asistencia a xuízo"

### DOCENTES

Mila Arch Marín (9.254), Jose Manuel Muñoz Vicente (M-16462) e Xavier Abel LLunch.

### ORGANIZA

Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

### COORDINA

Lucía Monroy Fernández (G-4906).

### DURACIÓN

15 horas.

### DATAS E HORARIO

Venres, 16 de decembro. De 16:00 a 21:00 horas.  
Sábado, 17 de decembro. De 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas.  
(2 horas de traballo non presencial).

### LUGAR

Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

### PRAZAS

50.

### PREZO

Membros da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.....	10,00€
Psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao de psicoloxía, master ou doutoramento.....	25,00€
Psicólogos/as colexiados.....	50,00€
Psicólogos/as non colexiados.....	100,00€

\*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:  
[https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas\\_formacion\\_para\\_colexiados\\_e\\_colexiadas.pdf](https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formacion_para_colexiados_e_colexiadas.pdf)



## Obradoiro "Avaliación pericial psicolóxica en casos de familia: orientacións para a ratificación do informe psicolóxico e a asistencia a xuízo"

### PROGRAMA

#### 1.-Fundamentos científicos e profesionais da avaliación pericial psicolóxica.

- 1.1.Breve introdución ao marco legal da pericial psicolóxica.
- 1.2.Características da avaliación psicolóxica no contexto forense. Diferencias co contexto clínico.
- 1.3.Uso da evidencia científica en psicoloxía forense.
- 1.4.Cuestións deontolóxicas na avaliación pericial psicolóxica.
- 1.5.O informe pericial psicolóxico: cuestión xerais.
- 1.6.Claves para a ratificación na sala de xustiza.

#### 2.-A avaliación pericial psicolóxica en custodias disputadas.

- 2.1.Modelos teórico-prácticos referentes no contexto español.
- 2.2.Áreas e dimensións psicosociais a explorar.
- 2.3.Técnicas e procedementos.
- 2.4.Criterios para a toma de decisión.
- 2.5.Casos prácticos.

#### 3. Obradoiro: Careo de peritos

- 3.1. Análise do caso.
- 3.2. A ratificación dos peritos.
- 3.3. Valoración xudicial da pericial.

### OBXECTIVOS

- Coñecer os principios teóricos e aplicados a nivel avaliativo, terapéutico e preventivo da intervención do/a psicólogo/a como forense no eido da xustiza de familia.
- Dotar aos asistentes dos coñecementos e habilidades básicas para deseñar un proceso de avaliación psicolóxica dentro do contexto forense, dependendo da demanda xurídica realizada.
- Facer fincapé nas diferenzas que marca o contexto de avaliación, clínico ou forense e que xustifican unha formación específica e diferenciada para ambos perfiles profesionais.
- Dotar aos asistentes dos coñecementos e habilidades básicas de cara a ratificación e defensa do informe pericial na sala de xustiza.



## Obradoiro "Avaliación pericial psicolóxica en casos de familia: orientacións para a ratificación do informe psicolóxico e a asistencia a xuízo"

### METODOLOXÍA

Clase expositiva con presentación de conceptos base, con material e orientación para traballo autónomo non presencial. Exemplificación e resolución de casos prácticos. Facilitarase ás persoas participantes material específico para un correcto seguimento do obradoiro e dos casos prácticos. Farase un roleplaying dun careo de peritos presentando un informe pericial dun caso ante o órgano xudicial.

### DOCENTES

#### **MILA ARCH MARÍN (9.254).**

Doutora pola Universidade de Barcelona. Profesora na Universidade de Barcelona. Experta en Psicoloxía Forense acreditada polo COP Cataluña. Conta con unha ampla traxectoria no ámbito da Psicoloxía Forense, tanto no eido profesional como académico e particularmente coa psicoloxía forense da familia. É autora e coautora de artigos, libros e monografías vinculadas a este ámbito.

#### **JOSE MANUEL MUÑOZ VICENTE (M-16462).**

Psicólogo forense adscrito ao Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses da CAM. Coordinador da Unidade Psico-Xurídica do Centro de Investigación en Ciencias Forenses e da Seguridade da UAM. Autor de distintas publicacións no ámbito da Psicoloxía Xurídica e Forense.

#### **XAVIER ABEL LLUNCH.**

Maxistrado do Xulgado de Primeira Instancia número 14 de Barcelona, especializado en familia. Autor e coautor de publicación en dereito de familia. Promotor de numerosos grupos de traballo de carácter interdisciplinaria con obxecto de encontrar solución próximas ás familias xudicializadas e que contribúan á defensa da infancia. É presidente da Plataforma Familia e Dereito.



## Obradoiro "Avaliación pericial psicolóxica en casos de familia: orientacións para a ratificación do informe psicolóxico e a asistencia a xuízo"

### INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG ([copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN N° ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O obradoiro terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os membros da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

**Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.**

Ao finalizar o obradoiro entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula.

**Último día de inscrición:** 7 de decembro de 2022.